

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 17 de outubro de 2025

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos do día 17 de outubro do ano dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime Roberto José Álvarez Carrero, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asisten a deputada *Luisa Sánchez Méndez* e o deputado *Ricardo Martínez Chantada*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Paula Bouzós Barros* e *Belén Cachafeiro Anta* e o deputado *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.35684.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 10 de outubro de 2025.

2.35685.- CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DO PROXECTO “+EMPREGA EN CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO 2025” PARA FINANCIAR OS CUSTOS DE PERSOAL DAS UNIDADES DE APOIO Á ACTIVIDADE DOS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO SEN ÁNIMO DE LUCRO (EXPTE.2025033984).

Resultando que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do 13 de xuño de 2025 aprobou, entre outros, o acordo (nº 10.35340) de aprobación de bases reguladoras e convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva do proxecto “+Emprega en Centros Especiais de Emprego 2025” para financiar os custos de persoal das unidades de apoio á actividade dos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro con Código Seguro de Verificación (CSV): V88PLWZZJS25GWJH).

Resultando que finalizado o prazo de presentación de solicitudes, resulta que todas as solicitudes, que ascenden a 8, cumpren os requisitos esixidos, polo que procede á avaliación conforme cos criterios de valoración e o reparto das cantidades das subvencións.



Considerando que a instrución do procedemento realizouse de conformidade co previsto nas bases do citado proxecto e en concordancia co establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.

En virtude de iso, vistas todas as solicitudes presentadas e visto o informe técnico do xefe de servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local de data 29 de xullo de 2025 coa avaliación das solicitudes presentadas de conformidade cos criterios establecidos nas bases para a súa presentación á comisión de valoración que di: “(...) De acordo ao establecido na base 11ª, “A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva; para a repartición das cantidades das subvencións terase en conta a media de persoas con discapacidade contratadas no CEE indicadas nos informes de datos para a cotización e información por período de liquidación e conta de cotización (Idapl-ccc) da totalidade dos meses do exercicio anterior (anualidade 2024) achegado na fase de solicitude, sen que sexan acumulables os tramos:

- a) 10 ou menos persoas traballadoras con discapacidade: 3.500,00 euros
- b) De 11 a 20 persoas traballadoras con discapacidade: 5.500,00 euros
- c) De 21 a 30 persoas traballadoras con discapacidade: 7.500,00 euros
- d) De 31 a 40 persoas traballadoras con discapacidade: 10.500,00 euros
- e) De 41 a 50 persoas traballadoras con discapacidade: 13.500,00 euros
- f) Máis de 50 persoas traballadoras con discapacidade: 15.000,00 euros”

Tal e como se indica na base 4ª da convocatoria, “en caso de que o crédito dispoñible fose insuficiente farase un rateo proporcional entre todas as solicitudes para subvencionar todas aquelas que resulten seleccionadas”.

Tendo en conta as solicitudes presentadas é necesario aplicar o rateo xa que non existe crédito suficiente para facer o reparto segundo os tramos indicados nas bases. (...)”

Visto o informe da Intervención, de data 23 de setembro de 2025, de fiscalización previa das 8 solicitudes de subvencións, favorable a tramitación dos expedientes.

Vista a acta-informe da comisión de selección, nomeada para tal procedemento mediante RP núm. 2025006115 de data 18 de xullo de 2025, na reunión celebrada por medios telemáticos o 7 de outubro de 2025, na que se recolle a conformidade dos membros co citado informe técnico da xefatura de servizo, de conformidade co establecido nas bases reguladoras da convocatoria e demais normativa de aplicación.

Por todo o exposto, en base aos antecedentes e de conformidade co establecido nas bases do proxecto “+Emprega en Centros Especiais De Emprego 2025”, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e demais lexislación concordante de aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Conceder as subvencións aos Centros Especiais de Emprego que se relacionan no Anexo I.

As subvencións concedidas entenderanse aceptadas se os beneficiarios non se opoñen ou a rexeitan expresamente no prazo de dez días hábiles contados dende a súa notificación.



2. Autorizar e comprometer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 25/240.2410.489.90-polo importe máximo de 67.000,00 € para cada un dos Centros Especiais de Emprego que figuran como beneficiarios e na contía que se relaciona no Anexo I.
3. Publicar o acordo da concesión das subvencións aos Centros especiais de Emprego no BOPPO e na web da institución provincial e a súa notificación, no seu caso, ás partes interesadas.

ANEXO I

RELACIÓN DE CENTROS ESPECIAS DE EMPREGO BENEFICIARIOS E REPARTO DAS CANTIDADES

EXPEDIENTE	CIF	CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO	MEDIA PERSOAS CON DISCAPACIDADE CONTRATADAS NO CEE ANUALIDADE 2024	IMPORTE MÁXIMO APLICANDO O RATEO PROPORCIONAL
2025050425	G36150803	ASOCIACIÓN DE DISCAPACITADOS INTELECTUALES VIRGEN DE LA O	2	3.279,72 €
2025046909	B94040524	BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD SOCIEDAD LIMITADA	22	7.027,97 €
2025046570	G36551828	FUNDACIÓN PARA DISCAPACIDADE E EMPREGO JUAN XXIII	65	14.055,95 €
2025046904	B27714856	GRUPO SIFU GALICIA SL	38	9.839,16 €
2025046559	B27797935	JUAN MARIA EMPLEO SL	21	7.027,97 €
2025047636	B36982742	LUME EMPREGO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL S.L.	44	12.650,35 €
2025050556	B36299121	SAN JERÓNIMO EMILIANI SL	38	9.839,16 €
2025046686	B94171758	SERVILAR 2018 SL	3	3.279,72 €
TOTAL				67.000,00 €



3.35686.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN, MEDIANTE ARRENDAMENTO SEN OPCIÓN DE COMPRA, DE DIFERENTES VEHÍCULOS PARA OS SERVIZOS DESTA DEPUTACIÓN. (EXPTE.2024028056).

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 10 de xullo de 2025, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, da “Subministración mediante arrendamento sen opción de compra de diferentes vehículos para os servizos da Deputación de Pontevedra”, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, contados desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse para publicar ao Diario Oficial da Unión Europea con data 17 de xullo de 2025 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) en data 18 de xullo de 2025. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 21 de agosto de 2025 procedeu á apertura electrónica e calificación do sobre A, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, resultando admitidas as seguintes:

- ANDACAR 2000 S.A. (CIF: B A12363529): Lotes 3 e 4.
- EMPRESA MONFORTE SAU (CIF: A15019243): Lotes 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7.
- GRUPIVAZGLE S.L. (CIF: B27480581): Lotes 1, 3 e 5.

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobre B, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas.

Unha vez examinadas as ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 28 de agosto de 2025, acordou propor ao órgano de contratación a exclusión, do lote 4, da empresa Andacar 2000 S.A. (CIF: B A12363529), por ofertar un prazo de entrega superior ao mínimo establecido, e da Empresa Monforte SAU (CIF: A15019243) por ofertar un prezo unitario mensual para a furgoneta de loxística grande superior ao prezo de licitación; clasificar por orde decrecente de puntuación o resto das ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación dos lotes 1, 2, 3, 5, 6 e 7 do contrato a favor da Empresa Monforte SAU (CIF: A15019243), polos prezos e valores ofertados.

Mediante Resolución Presidencial número RP2025007284, de 08 de setembro de 2025 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á Empresa Monforte SAU (CIF: A15019243), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.



A Empresa Monforte SAU (CIF: A15019243) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2025066052, de data 22/09/2025), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución das seguintes garantías definitivas:

LOTE	IMPORTE DA GARANTÍA	CARTA DE PAGO NÚM. OPERACIÓN	DATA
LOTE 1	9.633,60 €	12025000174050	25/09/2025
LOTE 2	19.106,40 €	12025000174053	25/09/2025
LOTE 3	15.943,20 €	12025000174046	25/09/2025
LOTE 5	1.828,80 €	12025000174049	25/09/2025
LOTE 6	16.272,00 €	12025000174045	25/09/2025
LOTE 7	28.320,00 €	12025000174047	25/09/2025

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- 1.- Excluir do procedemento de contratación do lote 4 á empresa Andacar 2000 S.A. (CIF: B A12363529), por ofertar un prazo de entrega de 90 días naturais cando o prazo máximo de entrega establecido no prego é de 30 días naturais desde a formalización do contrato.
- 2.- Excluir do procedemento de contratación do lote 4 á Empresa Monforte SAU (CIF: A15019243) por ofertar un prezo unitario mensual para a furgoneta de loxística grande superior ao prezo de licitación.
- 3.- Declarar deserto o Lote 4 ao non cumprir ningunha das empresas presentadas coas condicións establecidas nos pregos.



4- Adxudicar os lotes 1, 2, 3, 5, 6 e 7 do contrato de "Subministración, mediante arrendamento sen opción de compra, de diferentes vehículos para os servizos da Deputación de Pontevedra" á Empresa Monforte SAU (CIF: A15019243) polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte detalle:

LOTE 1

PREZO OFERTADO	UNIDADES/CENTRO	PRECIO UNITARIO MENSUAL, SIN IVA	PREZO TOTAL FLOTA MENSUAL, SEN IVE
2 Turismos de 5 prazas híbridos (segmento B)	2	446,00 €	892,00 €
7 Turismos de 5 prazas híbridos (segmento C)	7	446,00 €	3.122,00 €
TOTAL FLOTA MENSUAL, SEN IVE			4.014,00 €
QUILOMETRAXE DOS VEHÍCULOS			Nº de vehículos
Vehículos ofertados con menos de 10.000 km			7
Vehículos ofertados con entre 10.001 quilómetros e 30.000 quilómetros			2
Vehículos ofertados con entre 30.001 km e 40.000 quilómetros			
Vehículos ofertados con máis de 40.001 quilómetros			
REDUCCIÓN NO PRAZO DE ENTREGA DOS VEHÍCULOS OFERTADOS		Nº de días naturais	
Prazo de entrega dos vehículos ofertado		5	

LOTE 2

PREZO OFERTADO	UNIDADES/CENTRO	PRECIO UNITARIO MENSUAL, SIN IVA	PREZO TOTAL FLOTA MENSUAL, SEN IVE
19 Furgonetas 5 prazas usadas	19	419,00 €	7.961,00 €
QUILOMETRAXE DOS VEHÍCULOS			Nº de vehículos
Vehículos ofertados con menos de 10.000 km			10
Vehículos ofertados con entre 10.001 quilómetros e 40.000 quilómetros			9
Vehículos ofertados con entre 40.001 km e 55.000 quilómetros			
Vehículos ofertados con máis de 55.001 quilómetros			
REDUCCIÓN NO PRAZO DE ENTREGA DOS VEHÍCULOS OFERTADOS		Nº de días naturais	
Prazo de entrega dos vehículos ofertado		5	



LOTE 3

PREZO OFERTADO	UNIDADES/CENTRO	PRECIO UNITARIO MENSUAL, SIN IVA	PREZO TOTAL FLOTA MENSUAL, SEN IVE
13 Furgonetas de 5 prazas	13	511,00 €	6.643,00 €
REDUCCIÓN NO PRAZO DE ENTREGA DOS VEHÍCULOS OFERTADOS			Nº de días naturais
Prazo de entrega dos vehículos ofertado			5
AUMENTO NA POTENCIA DOS VEHÍCULOS		POTENCIA DOS VEHÍCULOS OFERTADOS	
A empresa oferta vehículos con potencia		130 CV	

LOTE 5

PREZO OFERTADO	UNIDADES/CENTRO	PRECIO UNITARIO MENSUAL, SIN IVA	PREZO TOTAL FLOTA MENSUAL, SEN IVE
Vehículo todoterreo Pick	1	762,00 €	762,00 €
REDUCCIÓN NO PRAZO DE ENTREGA DOS VEHÍCULOS OFERTADOS			Nº de días naturais
Prazo de entrega dos vehículos ofertado			5
AUMENTO NA POTENCIA DOS VEHÍCULOS		POTENCIA DO VEHÍCULO OFERTADO	
A empresa oferta vehículos con potencia:		170 CV	

LOTE 6

PREZO OFERTADO	UNIDADES/CENTRO	PRECIO UNITARIO MENSUAL, SIN IVA	PREZO TOTAL FLOTA MENSUAL, SEN IVE
Autobús 16/19 prazas	1	2.790,00 €	2.790,00 €
Autobús 50/55 prazas	1	3.990,00 €	3.990,00 €
TOTAL FLOTA MENSUAL, SEN IVE			6.780,00 €
REDUCCIÓN DA ANTIGÜIDADE		Nº DE MESES DO VEHÍCULO DESDE A PRIMEIRA MATRÍCULA	
Autobús 16/19 prazas		95	
Autobús 50/55 prazas		112	
REDUCCIÓN DO PRAZO DE ENTREGA			Nº de días naturais
Prazo de entrega dos vehículos ofertado			7



LOTE 7

PREZO OFERTADO	UNIDADES/CENTRO	PRECIO UNITARIO MENSUAL, SIN IVA	PREZO TOTAL FLOTA MENSUAL, SEN IVE
Vehículos segmento C	6	1.080,00 €	6.480,00 €
Vehículos segmento D	2	1.195,00 €	2.390,00 €
Vehículos segmento E	1	2.050,00 €	2.050,00 €
Vehículo 8/9 prazas	1	880,00 €	880,00 €
TOTAL FLOTA MENSUAL, SEN IVE			11.800,00 €
AUMENTO NA POTENCIA DOS VEHÍCULOS		Potencia dos vehículos ofertados	
Vehículos do segmento C		150 CV	
Vehículos do segmento D		204 CV	
Vehículos do segmento E		218 CV	
Vehículo 8/9 prazas		180 CV	
REDUCCIÓN NO PRAZO DE ENTREGA DOS VEHÍCULOS OFERTADOS			Nº de días naturais
Prazo de entrega dos vehículos ofertado			15

Prazo de duración:

O prazo máximo de duración do contrato é de 4 anos desde a data de sinatura da acta de entrega dos vehículos. Non se establece a posibilidade de prórroga.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

ANUALIDADE	LOTE	CENTRO XESTOR	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2025 (2 meses)	1	Parque Móbil	920.9200.204.00	2.158,64 €
		Contratación e Patrimonio	920.9200.204.00	7.555,24 €
	2	Parque Móbil	920.9200.204.00	1.013,98 €
		SAIM (Revitaliza)	923.1623.204.00	5.069,90 €
		Cooperación	942.9420.204.00	1.013,98 €
		Infraestruturas e Vías Provinciais	456.4530.204.00	12.167,76 €
	3	Infraestruturas e Vías Provinciais	456.4530.204.00	16.076,06 €
	5	Cooperación	942.9420.204.00	1.844,04 €
	6	Centro Príncipe Felipe	232.2312.204.00	16.407,60 €
	7	Parque Móbil	920.9200.204.00	28.556,00 €



ANUALIDADE	LOTE	CENTRO XESTOR	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026	1	Parque Móbil	920.9200.204.00	12.951,84 €
		Contratación e Patrimonio	920.9200.204.00	45.331,44 €
	2	Parque Móbil	920.9200.204.00	6.083,88 €
		SAIM (Revitaliza)	923.1623.204.00	30.419,40 €
		Cooperación	942.9420.204.00	6.083,88 €
		Infraestruturas e Vías Provinciais	456.4530.204.00	73.006,56 €
	3	Infraestruturas e Vías Provinciais	456.4530.204.00	96.456,36 €
	5	Cooperación	942.9420.204.00	11.064,24 €
	6	Centro Príncipe Felipe	232.2312.204.00	98.445,60 €
	7	Parque Móbil	920.9200.204.00	171.336,00 €
ANUALIDADE	LOTE	CENTRO XESTOR	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2027	1	Parque Móbil	920.9200.204.00	12.951,84 €
		Contratación e Patrimonio	920.9200.204.00	45.331,44 €
	2	Parque Móbil	920.9200.204.00	6.083,88 €
		SAIM (Revitaliza)	923.1623.204.00	30.419,40 €
		Cooperación	942.9420.204.00	6.083,88 €
		Infraestruturas e Vías Provinciais	456.4530.204.00	73.006,56 €
	3	Infraestruturas e Vías Provinciais	456.4530.204.00	96.456,36 €
	5	Cooperación	942.9420.204.00	11.064,24 €
	6	Centro Príncipe Felipe	232.2312.204.00	98.445,60 €
	7	Parque Móbil	920.9200.204.00	171.336,00 €



ANUALIDADE	LOTE	CENTRO XESTOR	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2028	1	Parque Móbil	920.9200.204.00	12.951,84 €
		Contratación e Patrimonio	920.9200.204.00	45.331,44 €
	2	Parque Móbil	920.9200.204.00	6.083,88 €
		SAIM (Revitaliza)	923.1623.204.00	30.419,40 €
		Cooperación	942.9420.204.00	6.083,88 €
		Infraestruturas e Vías Provinciais	456.4530.204.00	73.006,56 €
	3	Infraestruturas e Vías Provinciais	456.4530.204.00	96.456,36 €
	5	Cooperación	942.9420.204.00	11.064,24 €
	6	Centro Príncipe Felipe	232.2312.204.00	98.445,60 €
	7	Parque Móbil	920.9200.204.00	171.336,00 €
ANUALIDADE	LOTE	CENTRO XESTOR	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2029 (10 meses)	1	Parque Móbil	920.9200.204.00	10.793,20 €
		Contratación e Patrimonio	920.9200.204.00	37.776,20 €
	2	Parque Móbil	920.9200.204.00	5.069,90 €
		SAIM (Revitaliza)	923.1623.204.00	25.349,50 €
		Cooperación	942.9420.204.00	5.069,90 €
		Infraestruturas e Vías Provinciais	456.4530.204.00	60.838,80 €
	3	Infraestruturas e Vías Provinciais	456.4530.204.00	80.380,30 €
	5	Cooperación	942.9420.204.00	9.220,20 €
	6	Centro Príncipe Felipe	232.2312.204.00	82.038,00 €
	7	Parque Móbil	920.9200.204.00	142.780,00 €

Os importes correspondentes aos exercicios 2026, 2027, 2028 e 2029 quedarán condicionados a aprobación do respectivo orzamento e a existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.

O citado financiamento reaxustarase no momento da formalización do contrato conforme ao exercicio orzamentario anual.



Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

A facturación realizarase por mensualidades naturais, a mes vencido, dentro dos 10 primeiros días do mes seguinte, tendo en conta que se facturará a razón do importe unitario de adxudicación resultante, conforme á oferta do contratista para o lote ou lotes que teña adxudicado, e das correspondentes aplicacións orzamentarias, considerando, á súa vez, o momento da recepción formal dos vehículos obxecto do contrato. Para ese efecto procederase ao prorrateo prezo/día/vehículo, en caso de non resultar mensualidades completas, utilizando como referencia o denominado "mes administrativo" de 30 días en todas as mensualidades da presente contratación. Ao adxudicatario achegaráselle os datos necesarios para a adecuada remisión das facturas ao órgano competente.

O prezo unitario mensual de adxudicación é o resultado de aplicarlle a cada prezo unitario mensual establecidos no anexo I do PPT a baixada ofertada pola empresa licitadora.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Lote 1

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2024028056	
Órgano xestor:	LA0006126	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Lote 2

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Núm. de exp.:	2024028056		
Órgano xestor: Parque Móbil: LA0006126 SAIM: LA0006129 Cooperación: LA0006138 Infraestruturas: LA0006123		Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135



Lote 3

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2024028056	
Órgano xestor:	LA0006123	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Lote 5

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2024028056	
Órgano xestor:	LA0006138	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Lote 6

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2024028056	
Órgano xestor:	LA0006112	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Lote 7

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2024028056	
Órgano xestor:	LA0006126	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato:

Lote 1: Xefatura de Contratación e Patrimonio

Lote 2:

- Xefatura do Parque Móbil, no relativo aos vehículos asignados ao Parque Móbil.
- Xefatura do Servizo de Asistencia Intermunicipal, no relativo aos vehículos asignados ao SAIM.
- Xefatura dos Servizos de Infraestruturas e Vías Provinciais, no relativo aos vehículos asignados aos Servizos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- Xefatura do Servizo de Cooperación, no relativo aos vehículos asignados ao Servizo de Cooperación

Lote 3: Xefatura do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais

Lote 5: Xefatura do Servizo de Cooperación

Lote 6: Xefatura de Xestión do Centro Príncipe Felipe

Lote 7: Xefatura do Parque Móbil



5.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

4.35687.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L. (B-94.181.807), PARA RESPONDER DO CONTRATO RELATIVO A "REPOSICIÓN DE FIRME NA E.P. 6202 RODEIRO-OSEIRA, DO P.Q. 0+320 Ó P.Q. 11+767 (CONCELLO DE RODEIRO)". (EXPTE. 2021046977). (DEVOGARÁN 2025060276).

Por acordo da Xunta de Goberno celebrada na súa sesión ordinaria, de data 06 de maio de 2022, adxudicouse, mediante procedemento aberto simplificado, a obra de "Reposición de firme na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, do P.Q. 0+320 ó P.Q. 11+767 (Concello de Rodeiro)". (Núm. Expte. 2021046977)

Para garantir a correcta execución deste contrato, a entidade mercantil *Construcciones y obras Taboada y Ramos, S.L.*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, que foi o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
CONST. E OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L. (B-94.181.807)	17.074,17€	202200085838	27/04/2022

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV.- IZDRQKHFZ3ODK8VX), no cal sinala que "(...) Realizada visita a obra, e confirmada a súa execución acorde ás necesidades que a motivaron, informase que non existen obras e/ou revisións de prezos pendentes a maiores das xa certificadas polo director de obra na certificación Final, nin tampouco reclamacións pola calidade da obra contra o contratista, polo que pode procederse a liquidación da obra sen variación económica.

En base ao anteriormente exposto e considerando que se cumpriu o período de garantía ofertado de 36 meses dende a recepción das obras en data 27/07/2022, procede a devolución da fianza definitiva constituída polo contratista polo 5% do prezo de adxudicación sen IVE, por importe de dezasete mil setenta e catro euros con dezasete céntimos (17.074,17 €), segundo consta na carta de pagamento núm. 202200085838 de data 27/04/2022. (...).



Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- 1HBLFOC3SVW4FBCZ), no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil Construcciones y Obras Taboada y Ramos, S.L., dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Reposición de firme na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, do P.Q. 0+320 ó P.Q. 11+767 (Concello de Rodeiro)*” (Núm. Expte. 2021046977), sen que existan obrigas pendentes.

- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil Construcciones y Obras Taboada y Ramos, S.L. (B-94.181.807), por resultar adxudicataria de dito contrato e que foi a seguinte:

- o A constituída, mediante aval emitido pola entidade ASEFA, S.A. Seguros y Reaseguros (NIF.- A-08.171.605) “*Con certificado de seguro de Caución número EZ509/01/41/2022/1396*”, por importe de dezasete mil setenta e catro euros con dezasete céntimos (17.074,17€), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 27/04/2022, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030599 (*Número de Carta de Pago 202200085838*).

5.35688.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO CONTRATO DE OBRAS "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 9208 NOALLA-AIOS, DO P.Q. 0+000 AO P.Q. 0+960 (CONCELLO DE SANXENXO)". (EXPTE. 2025048313).

Resultando.- Que a Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

Resultando.- Que o servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.



Resultando.- Que por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 9208 Noalla- Aios, que transcorre polo concello de Sanxenxo e ten unha lonxitude de 4.908 metros.

Resultando.- Que a A E.P. 9208 é de dobre sentido de circulación e de sección variable. Ao longo do treito da estrada atopamos en practicamente toda a súa lonxitude de actuación beiravías comprendidas entre los 50-100 cm. sen beirarrúas, o que da lugar a situacións de risco e inseguridade para os usuarios. Esta actuación contempla a creación dunha itinerario peonil duns 960 metros de lonxitude mediante a construción na marxe dereita dunha senda peonil de formigón coloreado, a renovación, mellora e reubicación das paradas de bus e execución de pasos de peóns elevados. Inclúe tamén, a renovación da rede de drenaxe, a renovación do alumeadado público con novas luminarias.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse por D. José P. Gosende Tuñas enxeñeiro adscrito á empresa Ingeniería del Noroeste, S.L., o proxecto de execución da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9208 Noalla-Aios, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+960 (Concello de Sanxenxo)”, cun orzamento base de licitación de 1.188.578,92 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: 7UG0F5UNDD28GKAC.

Resultando.- Que con data 10/12/2024 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Sanxenxo, convenio de colaboración para a execución do proxecto de obras “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9208 Noalla-Aios, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+960 (Concello de Sanxenxo)”

Resultando.- Que recolle o citado convenio que lle corresponde á Deputación de Pontevedra a licitación, dirección, execución e recepción das obras.

Resultando.- Que recolle tamén que as obras serán financiadas pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Sanxenxo mediante a achega das cantidades relacionadas a continuación:

ADMINISTRACIÓN	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	950.563,14 €	80
Concello de Sanxenxo	237.715,78 €	20
TOTAL	1.188.578,92 €	100

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9208 Noalla-Aios, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+960 (Concello de Sanxenxo)”.



Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC número 12025000005497, por importe de 950.863,14 € con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.02.2024 dentro do proxecto de gasto nº 2023039782 para facer fronte ao gasto financiado pola Deputación de Pontevedra. Pola achega do Concello, que supón un ingreso de dereito público, xerarase crédito na aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.02

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 29 de agosto de 2025 acordou o proxecto de execución da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9208 Noalla-Aios, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+960 (Concello de Sanxenxo)”, redactado por D. José P. Gosende Tuñas enxeñeiro adscrito á empresa Ingeniería del Noroeste, S.L., cun orzamento base de licitación de 1.188.578,92 € IVE incluído. A este proxecto asináuselle o código CSV: 7UG0F5UNDD28GKAC.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 2V6W6EOSJDKHRR71 informe do Secretario Xeral da Deputación onde se recolle o seguinte: “...*Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente. Antes do comezo das obras debe de contarse coas autorizacións sectoriais preceptivas en vigor...*”

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 7LGNMLZTL2A7Q7UC, informe de fiscalización do expediente, no que se recolle o seguinte: “...*Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábles mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente....*”

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.



Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “ A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilmo Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras *“Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9208 Noalla-Aios, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+960 (Concello de Sanxenxo)”* cun orzamento base de licitación de 1.188.578,92 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	982.296,63 €
IVE (21%).....	206.282,29 €
Importe Total.....	1.188.578,92 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): SOJH53H5KOYB1WZZ, e de prescricións técnicas con código (CSV) 7UG0F5UNDD28GKAC, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 1.188.578,63 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias 25/456.4530.612.02.2024 e 25/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.



4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

6.35689.- CORRECCIÓN DE ERRO NO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXE NA LICITACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NAS EP-8301, EP-8302, EP-8303 E EP-8304. CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO”. (EXPTE. 2025037343).

Resultando.- Que por acordo da Xunta de Goberno número 10.35656 de data 3 de outubro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “Mellora da seguridade viaria nas EP-8301, EP-8302, EP-8303 e EP8304. Concello de Campo Lameiro”. No mesmo acto aprobouse o prego de cláusulas económico-administrativas particulares, ó que se lle asignou o código CSV: X851W56Q7W4EREAS.

Resultando.- Que o anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 3 de outubro de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Visto o erro de transcripción detectado no prego de cláusulas económico-administrativas anteriormente citado.

Considerando.- Que o artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recolle que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Corrixir o citado erro no seguinte senso:

ONDE DI:

(...)

10. SUBCONTRATACIÓN

Obriga de indicar na oferta a parte do contrato que teña previsto subcontratar:

☒ SI ☐ NON

Tarefas que non poderán ser obxecto de subcontratación: ☐ SI ☒ NON (...)



DEBE DICIR:

(...)

10. SUBCONTRATACIÓN

Obriga de indicar na oferta a parte do contrato que teña previsto subcontratar:

☒ SI ☐ NON

Tarefas que non poderán ser obxecto de subcontratación: ☒ SI ☐ NON

Dado que este expediente de contratación é específico de reposición de firmes, e dada a súa especial natureza, as unidades de obra correspondentes á fabricación, posta en obra e compactado de mesturas bituminosas en quente deberán ser executadas directamente polo propio adxudicatario. (...)

2.- Aprobar un novo prego de cláusulas económico-administrativas particulares que substitúe ó anterior. A este prego asignóuselle o código (CSV): WIBF42FH0DRKAYIF.

3.- Reiniciar o prazo de presentación de ofertas, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do novo anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

7.35690.- AUTORIZAR O PROXECTO MODIFICADO Nº1 E DE EXECUCIÓN DA OBRA “HUMANIZACIÓN DA RÚA CONDE VALLELLANO”, FINANCIADA NO MARCO DO PLAN +PROVINCIA 2024 LIÑA 1 INVESTIMENTOS, CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (EXPTE.2024022460).

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante acordo da Xunta de Goberno, núm. 4.34213, de data 27/09/2024, concedeuse ao Concello de Vilagarcía de Arousa no marco do Plan +Provincia 2024 liña 1, polo procedemento de concorrência non competitiva, unha subvención por importe de 632.220,04 euros con destino ao financiamento do investimento “HUMANIZACIÓN RÚA CONDE VALLELLANO” Expte.:2024022460, cun orzamento de 632.220,04 euros.

En data 09/09/2025, ten entrada no rexistro da Deputación (WEB2025063664), instancia xenérica do Concello de Vilagarcía de Arousa na que solicita a tramitación do proxecto modificado nº1 do investimento “HUMANIZACIÓN RÚA CONDE VALLELLANO”.



Revisada a documentación, a solicitude cumpre os requisitos esixidos na base 32ª do Plan + Provincia 2024 liña 1; contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 30/09/2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

Base 32ª reguladora do Plan +Provincia 2024 liña 1, relativa os excesos de medición e modificación dos contratos, que dispón que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto da obra o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación, e redactar un proxecto modificado.



Así mesmo a base 32ª contempla que cando o proxecto modificado implique un incremento de custo con respecto ao inicial, o Concello empregará a baixa obtida na adxudicación do contrato no financiamento do modificado, de contar con ela.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 30/09/2025, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 30/09/2025, que conclúe favorablemente a tramitación do proxecto modificado, e do informe da Intervención Provincial, de data 08/10/2025 a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o modificado nº1 do proxecto da obra “HUMANIZACIÓN DA RÚA CONDE VALLELLANO” (Expte.2024022460), aos efectos de que o investimento incluído no Plan +Provincia 2024, poida ser executado nos termos establecidos polo concello de Vilagarcía de Arousa, cun orzamento de execución a prezo de adxudicación de 661.650,53 euros, o que supón con respecto ao inicial, un incremento de 109.343,10 euros. A baixa obtida na adxudicación do contrato, que ascende a 79.912,61 euros, se empregará no financiamento do devandito proxecto modificado, asumindo o Concello o importe restante, quedando o financiamento da devandita obra tal e como se reflicte no seguinte táboa:

Orzamento a prezo de adxudicación	Subvención Plan +Provincia 2024	Achega Concello
661.650,53€	632.220,04€	29.430,49€

- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Vilagarcía de Arousa*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

8.35691.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (EXPTES. 2025066051, 2025066588, 2025066829 E 2025066967).

- a) Vista a relación de operacións con número 2025066051 (CSV: W03SW10KW5ITHMVB), que contén 9 operacións por un importe de 60.900,18€, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	60.900,18 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	60.900,18 €



b) Vista a relación de operacións con número 2025066588 (CSV: W90H0KLSLSS6V7P1), que contén 1 operación por un importe de 663,00€, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	786,50€
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	123,50€
Total líquido	663,00€

c) Vista a relación de operacións con número 2025066829 (CSV: WLHWW8MCQ1TQGO83), que contén 2 operacións por un importe de 3.015,89€, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	3.015,89€
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	3.015,89 €

d) Vista a relación de operacións con número 2025066967 (CSV: W1E3LG99XNYMVN1F), que contén 2 operacións por un importe de 1.380,00€, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	1.380,00€
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	1.380,00€



9.35692.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN CORAL POLIFÓNICA DE AGOLADA PARA A “LIÑA 2: INTERCAMBIO CULTURAL COA ASOCIACIÓN CORO "LAS VEREDAS", COLMENAREJO (MADRID)” DO CONCELLO DE AGOLADA APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 12/09/2025. (EXPTE. 2025044362).

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 02 de maio de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2025” (Acordo núm. 3.35243) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 87 de maio de 2025.

Segundo.- En data 06 de xuño de 2025, Jose Luis Factor Rodriguez, en representación da Asociación Coral Polifónica de Agolada (NIF: V-36.181.295) presenta solicitude para “Liña 2: Intercambio cultural coa Asociación Coro "Las Veredas", Colmenarejo (Madrid)”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 6.930,00 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 12 de setembro de 2025, (Acordo núm. 11.35607) acordou concederlle á Asociación Coral Polifónica de Agolada, do concello de Agolada (NIF:V-36.181.295) unha subvención de 1.424,44€ para ““Liña 2: Intercambio cultural coa Asociación Coro "Las Veredas", Colmenarejo (Madrid)” con cargo á aplicación orzamentaria 25/330.3340.489.05 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 22/09/2025 e número de rexistro WEB2025066179, a Asociación Coral Polifónica de Agolada de Agolada, de Agolada, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada por problemas de dispoñibilidade do local onde se iba a realizar o concerto.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 01/10/2025 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola Asociación Coral Polifónica de Agolada (NIF: V-36.181.295) documento con CSV: 7454ZENKXUW3ZJ6I

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra



Segundo.- O réxime de concorrência competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.



Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola *Asociación Coral Polifónica de Agolada*, (NIF:V-36.181.295) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 1.424,44€ para a realización da actividade da “Liña 2: Intercambio cultural coa Asociación Coro “Las Veredas”, Colmenarejo (Madrid)” (documento co CSV:05W2KXIBLUP6HV21).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

10.35693.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO FAMILIAR MEDRAR 2.0 ADEFAM 2.0 PARA A “LIÑA 1: SABOR DE HORTA 2” DO CONCELLO DE LALÍN APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 12/09/2025. (EXPTE. 2025042233).

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 02 de maio de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2025” (Acordo núm. 3.35243) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 87 de maio de 2025.

Segundo.- En data 02 de xuño de 2025, María Elena Buceta Solla, en representación da As Desenv. Familiar Medrar 2.0 ADEFAM 2.0 (NIF: G-94.122.702) presenta solicitude para “Liña 1: Sabor de Horta 2”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 1.210,00 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 12 de setembro de 2025, (Acordo núm. 11.35607) acordou concederlle á As Desenv. Familiar Medrar 2.0 ADEFAM 2.0, do concello de Lalín (NIF:G94.122.702) unha subvención de 650,00€ para “Liña 1: Sabor de Horta 2” con cargo á aplicación orzamentaria 25/330.3340.489.05 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 01/10/2025 e número de rexistro WEB20250681323, a As Desenv. Familiar Medrar 2.0 ADEFAM 2.0 de Lalín, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada porque debido a erros nos cálculos á hora de pedir a axuda, a xunta directiva de Medrar 2.0 en reunión urxente decidiu de xeito unánime renunciar á axuda concedida.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 07/10/2025 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola As Desenv. Familiar Medrar 2.0 ADEFAM 2.0 (NIF: G-94.122.702) documento con CSV: 5OORATQ3J8BEUFKD.



Fundamentos:**Primeiro.- Lexislación aplicable:**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra

Segundo.- O réxime de concorrência competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita



a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola *Asociación de Desenvolvemento Familiar Medrar 2.0 ADEFAM 2.0* (NIF:G94.122.702) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 650,00€ para a realización da actividade do “Liña 1: Sabor de Horta 2” (documento co CSV:9EN4XN0OQM CB2MGO).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

11.35694.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN CULTURAL DE MULLERES RURAIS MAR E AGRO DE BUEU PARA A “LIÑA 1: ROMARÍA DE MULLERES RURAIS DE BUEU” DO CONCELLO DE BUEU APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 12/09/2025. (EXPTE.2025043823).

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 02 de maio de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2025” (Acordo núm. 3.35243) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 87 de maio de 2025.

Segundo.- En data 05/06/2025, María de los Angeles Millán Quintela, en representación da AMMRR Mar e Agro de Bueu (NIF: G-36.212.645) presenta solicitude para “Liña 1: Romaría de Mulleres Rurais de Bueu”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 15.260,90 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 12 de setembro de 2025, (Acordo núm. 11.35607) acordou concederlle á AMMRR Mar e Agro de Bueu, do concello de Bueu (NIF:G-36.212.645) unha subvención de 2.426,46 € para “Liña 1: Romaría de Mulleres Rurais de Bueu” con cargo á aplicación orzamentaria 25/330.3340.489.05 do vixente orzamento provincial.



Cuarto.- Con data 01 de outubro de 2025 e número de rexistro WEB2025068360, a AMMRR Mar e Agro de Bueu de Bueu, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada pola imposibilidade de levar a cabo a actividade debido á falta de recursos que a apoien.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 07/10/2025 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola AMMRR Mar e Agro de Bueu (NIF: G-36.212.645) documento con CSV: VCFX49TXU1VYOCZP.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra

Segundo.- O réxime de concorrência competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no



territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola *AMMRR Mar e Agro de Bueu* (NIF:G36212645) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 2.426.46 € para a realización da actividade da “Liña 1: Romaría de Mulleres Rurais de Bueu” (documento co CSV:QICPPXCMA80FSHT7).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

12.35695.- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO ACORDO ADOPTADO EN XUNTA DE GOBERNO DE 12 DE SETEMBRO DE 2025 (NÚM.11.35607), POLO QUE SE APROBOU A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURÁIS, ANO 2025 (EXPTE. 2025004263).

Por acordo da Xunta de Goberno núm. 11.35607, de data 12.09.2025, aprobouse a concesión de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2025 (Expte: 2025004263).



Visto que polo centro xestor se detecta un erro no expediente núm. 2025031264, relativo ao importe do orzamento presentado pola Asociación Coral Polifónica de Berres.

Considerando que conforme ao disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, “*As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito, ou aritméticos existentes nos seus actos*”.

Á vista do exposto, e tendo en conta a dilixencia favorable de Intervención de data 8 de outubro de 2025 e con CSV: CIY1S9WPCV5JR8CV, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Rectificar o erro existente no acordo núm. 11.35607, adoptado na Xunta de Goberno de data 12.09.2025, no seguinte sentido:

Onde figura: “*Asoc Coral Polifónica de Berres, con NIF: G-36 353 803, do Concello da Estrada, para “Liña 2: Concerto en Sopelana Vizcaia” concédesele a cantidade de 1.424,44 € sobre un orzamento de 6.720,00 €*”.

Debe figurar: “*Asoc Coral Polifónica de Berres, con NIF: G-36 353 803, do Concello da Estrada, para “Liña 2: Concerto en Sopelana Vizcaia” concédesele a cantidade de 1.424,44 € sobre un orzamento de 6.270,00 €*”.

O resto do contido do citado acordo mantense invariable en todos os seus termos.

13.35696.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA PRESENTADA POLA ENTIDADE CENTRO CULTURAL DEPORTIVO E SOCIAL O COTO NO ÁMBITO DO PROGRAMA + XUNTAS 2025 (EXPTE 2024069042).

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Igualdade, puxo en marcha o programa “+Xuntas”. Con el búscase mellorar a formación básica das mulleres da provincia de Pontevedra e as súas condicións de vida, promover o apoderamento e a súa autonomía individual, e crear redes de apoio para impulsar a participación activa, a sororidade e a xeración de vínculos entre as participantes, así como para fomentar as relacións interpersoais e o intercambio de experiencias ao compartir vivencias e romper co illamento.

Este programa está dirixido a destinado a asociacións, federacións e fundacións sen fins de lucro da provincia de Pontevedra, ou que contén cunha delegación nela, que teñan como obxectivo e ámbito de actuación a promoción das mulleres e que apoién o seu desenvolvemento e apoderamento, o seu tecido asociativo e a paulatina consecución do obxectivo da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Na Xunta de Goberno de 22 de novembro de 2024 adoptouse o acordo de aprobación das bases reguladoras do programa +XUNTAS 2025 e, posteriormente publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 241 de 12 de decembro de 2024.



Na Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 11 de abril de 2025 adoptou, entre outros, o acordo de adxudicar un total de 207 accións formativas a distintas entidades da provincia como beneficiarias do programa +XUNTAS 2025. Ademais, acordase aprobar unha lista de agarda de 60 solicitudes e a exclusión de 52 solicitudes de diferentes entidades interesadas nas accións formativas do programa.

Resultando que unha vez notificada a concesión da acción formativa ao Centro Cultural Deportivo e Social O Coto (Expediente2024084457) presenta renuncia ao curso de xardinería.

Considerando que o órgano competente para a adxudicación das accións formativas ás entidades beneficiarias do programa +XUNTAS para o exercicio 2025, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e a base 16.2 de execución do vixente orzamento provincial.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Quedar enterada da renuncia presentada polo *Centro Cultural Deportivo e Social O Coto* (NIF:G36288348) e nº de expediente 2024084457.

14.35697.- CONSTITUCIÓN DUN DEREITO DE SUPERFICIE SOBRE AS PARCELAS A-27 E A-28 RESULTANTES DO PROXECTO DE PARCELACIÓN DO PLAN DE SECTORIZACIÓN DO SOLO URBANIZABLE INDUSTRIAL OUTEDA-CURRO, CONCELLO DE BARRO (EXPTE.2025029057).

Dada conta do informe-proposta do técnico colaborador do Polígono Industrial Outeda-Curro (Barro), que conta co conforme da Secretaría Xeral, de data 7 de outubro de 2025 (CSV):P4YRVGB55F0YV9BK que textualmente di:

“...O Pleno da Corporación Provincial, na sesión celebrada o 26 de abril de 2024, aprobou o expediente do concurso público para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie de varias parcelas (14) resultantes do proxecto de parcelación do Plan de Sectorización do solo urbanizable industrial Outeda-Curro, no concello de Barro.

Finalizado o prazo de presentación de proposicións, o Pleno Provincial, na sesión do 28 de xuño de 2024, declarou deserto o citado concurso e acordou a posibilidade de efectuar o alleamento ou constitución do dereito de superficie, por adxudicación directa, das devanditas 14 parcelas durante o prazo dun ano e en iguais condicións ás que se ofertaron no prego deste concurso, previa aceptación de tales condicións na súa totalidade polos posibles compradores, coa finalidade de salvagardar os principios de publicidade, igualdade e libre concorrência (BOPPO nº133, de data 9 de xullo 2024)

Dentro do prazo establecido ao respecto, o 5 de maio de 2025 ten entrada no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra (rexistro web2025033040), escrito da empresa COMERCIAL VALQUIN, S.L., con CIF B-36614956, a través do cal solicita a reserva e a constitución ao seu favor dun dereito de superficie con opción de compra sobre as seguintes parcelas :



- Parcela A-27, de 5.905,02 m², ao prezo de 99,00 €/m², IVE excluído, isto é 584.596,98 €. O prezo total, IVE incluído, é de 707.362,34 € (584.596,98 € + 122.765,36 € de IVE).

- Parcela A-28, de 8.941,90 m², ao prezo de 99,00 €/m², IVE excluído, isto é 885.248,10 €. O prezo total, IVE incluído, é de 1.071.150,20 € (885.248,10 € + 185.902,10 € de IVE).

En data 25 de agosto de 2025 (rexistro web2025060533) a empresa aporta a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e deposita na Tesourería Provincial as garantías esixidas na cláusula 18ª do PCAP, equivalente ao 100% do canon anual (6% do prezo de adxudicación, IVE excluído), segundo o seguinte detalle:

- Parcela A-27, TRINTA E CINCO MIL SETENTA E CINCO EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (35.075,82 €), operación OCVD-CVD, co número 12025000167364.

- Parcela A-28, CINCUENTA E TRES MIL CENTO CATORCE EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (53.114,89 €), operación OCVD-CVD, co número 12025000167363.

Tendo en conta que a documentación presentada cumpre cos requisitos establecidos nos pregos, a Deputación de Pontevedra concede ao interesado un dereito de superficie con opción de compra sobre ditas parcelas, nos seguintes termos:

O dereito de opción de compra que se concede, en virtude da formalización do presente contrato, será gratuíto.

Poderase exercer o dereito de opción de compra, no sentido de adquirir a propiedade das parcelas obxecto do presente contrato, dentro dos cinco primeiros anos do dereito de superficie, para o cal o superficiario terá que comunicar de forma fidedigna á Deputación a súa intención de exercer o dereito de opción de compra; de non exercitarse a opción de compra conforme ao estipulado anteriormente, o canon a abonar polo superficiario experimentará un incremento automático en dous puntos porcentuais respecto do canon vixente na quinta anualidade.

No caso de que o contratista decidise adquirir a propiedade das parcelas, a compravenda formalizarase de conformidade coas seguintes condicións:

a) O prezo total da compravenda será actualizado coas variacións experimentadas polo Índice de Prezos ao Consumo que, de forma acumulativa e cun límite máximo de variación anual do 1,5% e mínimo do 0%, tivesen lugar ata o momento en que se exercite polo superficiario o dereito de opción de compra.

b) Ao pago do prezo total, determinado na forma indicada no apartado anterior, aplicaranse os seguintes importes pagados polo superficiario, en función da anualidade en que se exercite o dereito de opción de compra:

- O 100% do canon satisfeito pola primeira anualidade.
- O 100% do canon satisfeito pola segunda anualidade.
- O 90% do canon satisfeito pola terceira anualidade.
- O 80% do canon satisfeito pola cuarta anualidade.
- O 75% do canon satisfeito pola quinta anualidade.



c) Respecto da forma de pago do prezo total resultante, o adquirente poderá elixir unha das seguintes opcións:

- Opción A): Abonar o 100% do prezo total resultante, máis o IVE total da operación, no acto de firma da escritura pública de compra venda; e
- Opción B): Fraccionar o pago da seguinte forma:

- o abonar o 25% do prezo total resultante, máis o IVE total da operación, no acto de firma da escritura pública de compravenda;
- o abonar o 75% restante do prezo total resultante, de forma fraccionada. Esta proposta de pago fraccionado terá que comunicarse á Deputación con carácter previo e por tempo suficiente, ao acto de firma da escritura pública de compravenda, para a súa autorización e aprobación expresa pola Deputación.

d) Se no momento de exercitarse a opción de compra aínda non se iniciou a actividade ou se de iniciarse aínda non transcorrese un ano desde a data de inicio da mesma, o adquirente virá obrigado a constituir a garantía definitiva a que se refire o apartado 1) da cláusula décimo novena do presente Prego (garantía definitiva na modalidade de compra en firme), nos termos e condicións previstos na devandita cláusula.

CONCLUSIÓN

Á vista do exposto, cumpríndose todos os trámites requiridos nos PCAP, infórmase favorablemente a solicitude da empresa COMERCIAL VALQUIN, S.L., con CIF B-36614956, e propónse a constitución ao seu favor dun dereito de superficie sobre as parcelas A-27 e A-28 do Polígono Industrial Outeda-Curro (Barro), con opción de compra, nos termos expostos.”

Visto o informe favorable á tramitación do expediente emitido pola Intervención Provincial, de data 8 de outubro de 2025, (CSV):578NFP5DA2XRQ789, que inclúe os seguintes cadros de financiación:

“...

Respecto da parcela A-27, (5.905,02 metros) resulta:

DEREITO SUPERFICIE, INICIO: 01/01/ 2026 (PREVISIÓN)

PARCELA A-27 (5.905,02m² *99,00€/m² (sen IVA)

Drto. SUPERFICIE ANUAL 6%, sen (IRAV): 35.075,82 € 2026 a 2030 ANO 6= ANO 5 + 2
PUNTOS

Drto. SUPERFICIE ANUAL 8%, sen (IRAV): 46.767,76 € 2031 a 2050

ANO	DATA	D. SUPERFICIE INICIAL (*)	% IPAVP (1)	INCREMENTO CANON ANUAL	CANON ANUAL	IVE	TOTAL A INGRESAR (1)	OBSERVACIÓNS
1	2026	35.075,82 €	2,00%	0,00	35.075,82 €	7.365,92 €	42.441,74 €	PERIODO: (ANO COMPLETO)
2	2027	35.075,82 €	2,00%	701,52	35.777,34 €	7.513,24 €	43.290,58 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
3	2028	35.777,34 €	2,00%	715,55	36.492,89 €	7.663,51 €	44.156,40 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
4	2029	36.492,89 €	2,00%	729,86	37.222,75 €	7.816,78 €	45.039,53 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR



5	2030	37.222,75 €	2,00%	744,46	37.967,21 €	7.973,11 €	45.940,32 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
6	2031	46.767,76 €	2,00%	4.867,63	51.635,39 €	10.843,43 €	62.478,82 €	SI NON EXERCE OPCIÓN DE COMPRA, INCREMENTO DO CANON EN 2 PUNTOS + IPAVP ANTERIORES
7	2032	51.635,39 €	2,00%	1.032,71	52.668,10 €	11.060,30 €	63.728,40 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
8	2033	52.668,10 €	2,00%	1.053,36	53.721,46 €	11.281,51 €	65.002,97 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
9	2034	53.721,46 €	2,00%	1.074,43	54.795,89 €	11.507,14 €	66.303,03 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
10	2035	54.795,89 €	2,00%	1.095,92	55.891,81 €	11.737,28 €	67.629,09 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
11	2036	55.891,81 €	2,00%	1.117,84	57.009,65 €	11.972,03 €	68.981,68 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
12	2037	57.009,65 €	2,00%	1.140,19	58.149,84 €	12.211,47 €	70.361,31 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
13	2038	58.149,84 €	2,00%	1.163,00	59.312,84 €	12.455,70 €	71.768,54 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
14	2039	59.312,84 €	2,00%	1.186,26	60.499,10 €	12.704,81 €	73.203,91 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
15	2040	60.499,10 €	2,00%	1.209,98	61.709,08 €	12.958,91 €	74.667,99 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
16	2041	61.709,08 €	2,00%	1.234,18	62.943,26 €	13.218,08 €	76.161,34 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
17	2042	62.943,26 €	2,00%	1.258,87	64.202,13 €	13.482,45 €	77.684,58 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
18	2043	64.202,13 €	2,00%	1.284,04	65.486,17 €	13.752,10 €	79.238,27 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
19	2044	65.486,17 €	2,00%	1.309,72	66.795,89 €	14.027,14 €	80.823,03 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
20	2045	66.795,89 €	2,00%	1.335,92	68.131,81 €	14.307,68 €	82.439,49 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
21	2046	68.131,81 €	2,00%	1.362,64	69.494,45 €	14.593,83 €	84.088,28 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
22	2047	69.494,45 €	2,00%	1.389,89	70.884,34 €	14.885,71 €	85.770,05 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
23	2048	70.884,34 €	2,00%	1.417,69	72.302,03 €	15.183,43 €	87.485,46 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
24	2049	72.302,03 €	2,00%	1.446,04	73.748,07 €	15.487,09 €	89.235,16 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
25	2050	73.748,07 €		1.474,96	75.223,03 €	15.796,84 €	91.019,87 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR



(1) Cálculos realizados con hipotético "índice de prezos aluguer de vivendas provinciais" (IRAV) anual, do 2% en 2025, ampliación art. 46 lei 6/2022, IGC, Límite Máximo. 2% anexo Lei DESINDEXACIÓN

Aplicase o IRAV ata que o INE publique o "índice de aluguer de oficinas autonómico", (disposición transitoria da Lei DESINDEXACIÓN)

CLAUSULA 9ª: A primeira revisión para que coincida co ano natural, practicarase unha vez pasado a parte do ano en que se adxudica e todo ano posterior, tomándose en consideración a variación do citado índice durante todo o período

Respecto da parcela A-28, (8.941,90 metros) resulta:

DEREITO SUPERFICIE, INICIO: 01/01/ 2026 (PREVISIÓN)

PARCELA A-28 (8.941,90 m² *99,00€/m² (sen IVA)

Drto. SUPERFICIE ANUAL 6%, sen (IRAV) : 53.114,89 €

2026 A 2030

ANO

6= ANO 5 + 2 PUNTOS

Drto. SUPERFICIE ANUAL 8%, sen (IRAV): 70.819,85 € 2031 A 2050

ANO	DATA	D. SUPERFICIE INICIAL (*)	% IPAVP (1)	INCREMENTO CANON ANUAL	CANON ANUAL	IVE	TOTAL A INGRESAR (1)	OBSERVACIÓNS
1	2026	53.114,89 €	2,00%	0,00	53.114,89 €	11.154,13 €	64.269,02 €	PERIODO: (ANO COMPLETO)
2	2027	53.114,89 €	2,00%	1.062,30	54.177,19 €	11.377,21 €	65.554,40 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
3	2028	54.177,19 €	2,00%	1.083,54	55.260,73 €	11.604,75 €	66.865,48 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
4	2029	55.260,73 €	2,00%	1.105,21	56.365,94 €	11.836,85 €	68.202,79 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
5	2030	56.365,94 €	2,00%	1.127,32	57.493,26 €	12.073,58 €	69.566,84 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
6	2031	70.819,85 €	2,00%	7.370,99	78.190,84 €	16.420,08 €	94.610,92 €	SI NON EXERCE OPCIÓN COMPRA, INCREMENTO DO CANON EN 2 PUNTOS + IPAVP ANTERIORES
7	2032	78.190,84 €	2,00%	1.563,82	79.754,66 €	16.748,48 €	96.503,14 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
8	2033	79.754,66 €	2,00%	1.595,09	81.349,75 €	17.083,45 €	98.433,20 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
9	2034	81.349,75 €	2,00%	1.627,00	82.976,75 €	17.425,12 €	100.401,87 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
10	2035	82.976,75 €	2,00%	1.659,54	84.636,29 €	17.773,62 €	102.409,91 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
11	2036	84.636,29 €	2,00%	1.692,73	86.329,02 €	18.129,09 €	104.458,11 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR



12	2037	86.329,02 €	2,00%	1.726,58	88.055,60 €	18.491,68 €	106.547,28 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
13	2038	88.055,60 €	2,00%	1.761,11	89.816,71 €	18.861,51 €	108.678,22 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
14	2039	89.816,71 €	2,00%	1.796,33	91.613,04 €	19.238,74 €	110.851,78 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
15	2040	91.613,04 €	2,00%	1.832,26	93.445,30 €	19.623,51 €	113.068,81 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
16	2041	93.445,30 €	2,00%	1.868,91	95.314,21 €	20.015,98 €	115.330,19 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
17	2042	95.314,21 €	2,00%	1.906,28	97.220,49 €	20.416,30 €	117.636,79 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
18	2043	97.220,49 €	2,00%	1.944,41	99.164,90 €	20.824,63 €	119.989,53 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
19	2044	99.164,90 €	2,00%	1.983,30	101.148,20 €	21.241,12 €	122.389,32 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
20	2045	101.148,20 €	2,00%	2.022,96	103.171,16 €	21.665,94 €	124.837,10 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
21	2046	103.171,16 €	2,00%	2.063,42	105.234,58 €	22.099,26 €	127.333,84 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
22	2047	105.234,58 €	2,00%	2.104,69	107.339,27 €	22.541,25 €	129.880,52 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
23	2048	107.339,27 €	2,00%	2.146,79	109.486,06 €	22.992,07 €	132.478,13 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
24	2049	109.486,06 €	2,00%	2.189,72	111.675,78 €	23.451,91 €	135.127,69 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR
25	2050	111.675,78 €		2.233,52	113.909,30 €	23.920,95 €	137.830,25 €	HIPOTESIS IPAVP ANO ANTERIOR

(1) Cálculos realizados con un hipotético "índice de prezos aluguer de vivendas provinciais" (IRAV) anual, do 2% en 2025, ampliación art. 46 lei 6/2022, IGC, Límite Máximo 2% anexo Lei DESINDEXACIÓN

Aplicase o IRAV ata que o INE publique o "índice de aluguer de oficinas autonómico", disposición transitoria da Lei DESINDEXACIÓN) CLAUSULA 9ª: A primeira revisión para que coincida co ano natural, practicarase unha vez pasado a parte do ano en que se adxudica e todo ano posterior, tomándose en consideración a variación do citado índice durante todo o período

Á vista do exposto, de conformidade co establecido no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. A constitución dun dereito de superficie sobre as parcelas A-27 e A-28 do Polígono Industrial Outeda-Curro, Barro, a favor da empresa COMERCIAL VALQUIN S.L., conforme ao cadro de financiación reflectido no informe da Intervención Provincial, de data 8 de outubro de 2025, e cun prazo de vixencia de 25 anos.



Segundo. De acordo co disposto no Prego de cláusulas administrativas particulares, o superficiario procederá ao ingreso da parte proporcional do canon anual ofertado calculado desde o momento da notificación da adxudicación ata a finalización do ano natural en curso, máis o IVE correspondente, dentro dos trinta días seguintes á notificación da adxudicación do dereito de superficie sobre a citada parcela; o ingreso realizarase mediante transferencia bancaria e no prazo que se indique ao efecto na liquidación que se practique e notifique pola Deputación de Pontevedra (achegarse factura), e contabilizarase con cargo ao concepto orzamentario “26/456-609.00 venta de parcelas polígono” no primeiro exercicio 2026.

Terceiro. Nas seguintes anualidades o canon anual actualizado (conforme á fórmula de revisión prevista na cláusula novena), máis o IVE correspondente, ingresarase mediante transferencia bancaria á conta corrente que se indique ao efecto, dentro do primeiro trimestre natural de cada ano, no prazo que se sinala na liquidación que se practique e notifique pola Deputación de Pontevedra.

15.35698.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE “AXUDAS A ENTIDADES PARA BENS E SERVIZOS EN CAMPIONATOS E EVENTOS DEPORTIVOS (II)” (EXPTE. 2025060141).

Primeiro.- O Pleno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 27 de decembro de 2024, acordou a aprobación definitiva do orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2025.

Segundo.- En data 05/09/2025 a Vicepresidenta Segunda da inicio o expediente para a tramitación da convocatoria das segundas axudas para financiar bens e servizos en campionatos ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra no ano 2025.

Terceiro.- En data 02/10/2025 o servizo de Deportes emite a memoria xustificativa e solicita informe de fiscalización previa á Intervención do proxecto de bases reguladoras.

Cuarto.- En data 15/10/2025 a Intervención fiscaliza de xeito favorable o expediente da “2ª convocatoria das bases de axudas para financiar bens e servizos en campionatos ou eventos deportivos realizados na provincia de Pontevedra no ano 2025”

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 109.1.d)
- Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte.
- Lei 3/2012, do 2 de Abril, do deporte de Galicia
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia
- Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)



- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local

Segundo.- Dende o punto de vista competencial, de acordo co establecido na Lei 3/2021, do 2 de abril, do deporte de Galicia, as deputacións teñen a competencia de fomentar, promover e difundir o deporte nos seus territorios. Ademais, a Lei 39/2022, do 30 de decembro, do deporte, reconece o deporte e a actividade física como prácticas esenciais para toda a cidadanía, destacando o papel crave das entidades locais na súa promoción.

O artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determináanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, e, no artigo 118 d), a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento da cultura, da educación e do deporte.

Terceiro.- A norma reguladora establece o procedemento para a concesión do segundo paquete de axudas para a adquisición de bens que lles serán entregados ás persoas participantes en campionatos ou eventos deportivos realizados na provincia de Pontevedra no ano 2025, ou ben financiar servizos necesarios para a organizar e desenvolver estes campionatos ou eventos deportivos.

Os campionatos e eventos deportivos serven como vehículo para promocionar o deporte e a imaxe da provincia de Pontevedra, contribuíndo a elevar o nivel competitivo das entidades deportivas e deportistas, e servindo en moitos casos de impulso aos deportistas de base e practicantes do deporte en xeral. Así mesmo, o desenvolvemento destes eventos constitúe un notable recurso económico para a localidade na que se desenvolven pois a presenza de deportistas, árbitros, adestradores e acompañantes xera un importante retorno económico para a zona.

É por iso que a Deputación de Pontevedra veu apoiando á organización de eventos deportivos mediante a entrega de bens e servizos, pero sen contar unha regulación propia.

Deste xeito, a Deputación de Pontevedra con estas bases actualiza o procedemento de vixente ata o de agora co obxectivo de optimizar o apoio á organización de campionatos e eventos deportivos na provincia de Pontevedra seguindo criterios públicos e obxectivos, favorecendo a transparencia na xestión deste tipo de axudas en función do interese social e deportivo das actividades.

Estas axudas estarán dirixidas a financiar a compra de bens entregados aos participantes (como material deportivo, trofeos, medallas, entre outros) e os servizos necesarios para a correcta organización e desenvolvemento dos eventos. Con iso, búscase garantir unha adecuada infraestrutura e recursos para os organizadores, que poderán levar a cabo eventos deportivos de calidade que favorezan a mellora da calidade de vida, a creación de emprego e o crecemento sostible do territorio.



Cuarto.- Partindo dos preceptos competenciais previstos anteriormente e, especialmente dos art. 294 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia (LALGA) e 23 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL); art. 7.3 da LO 2/2012, de 27 de abril, 9 da LXS, 6 da LSG, considerando o carácter preferente do primeiro e as especialidades propias das Entidades Locais, así como do 6 da OXS, o presente expediente debe encadrarse no de concesión de subvencións.

Que as bases reguladoras conteñen as previsións establecidas nos artigos 17.3. e 20.8.a) da LXS.

De acordo co establecido na normativa de subvencións esta convocatoria tramítase na modalidade de concorrência competitiva, mediante a comparación das solicitudes presentadas segundo os criterios de valoración fixados nas bases reguladoras, co fin de establecer unha prelación entre elas.

Quinto.- O art. 127 e ss. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) recollen a potestade da Administración de ditar disposicións de carácter xeral que non poderán vulnerar a Constitución ou as leis nin regular aquelas materias que a Constitución ou os Estatutos de Autonomía recoñecen da competencia das Cortes xerais ou das Asembleas Lexislativas das Comunidades Autónomas.

Así mesmo, o art. 165 e ss. do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), determinan a forma de inicio dos expedientes e a súa tramitación.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, transmitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Sexto.- A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e convocarase con cargo á aplicación 25/340.3410.489.01 do Orzamento da Deputación para o ano 2025 por un importe total de cen mil (100.000,00 €) euros.

Poderán concederse axudas ata esgotar totalmente a dotación prevista nesta segunda convocatoria. De esgotarse o crédito orzamentario, declararase terminado o prazo de vixencia da convocatoria mediante un anuncio do órgano competente para aprobar a convocatoria, o cal será obxecto de publicación no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e na Sede electrónica da Deputación, coa consecuente inadmisión das solicitudes posteriormente presentadas.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a “2ª Convocatoria das bases de axudas para financiar bens e servizos en campionatos ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra no ano 2025” e que figuran con seguinte CSV: 98AC64PBH9WY3PAI.



16.35699.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

17.35700.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

18.35701.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

